



RESUMO DOS CAMBIOS PROPOSTOS NAS NORMATIVAS E REGULAMENTOS DA FGVb Temporada 2023-2024

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- **Art. 2:** Actualización para a temporada 2023-2024 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Art. 4.2.1:** Modifícase a referencia a categorías concretas polo requisito de cumprir coa normativa da RFEVB.
- **Art. 4.2.3:** Engadido que o procedemento para a inscrición nas fases nacionais posteriores ás competicións autonómicas será comunicado mediante circular, ao remate da liga regular.
- **Art. 4.5.2:** Actualizado o procedemento de alta de equipo a través da plataforma.
- **Art. 6.1:** Actualizado o procedemento de rexistro de fichaxes dun equipo a través da plataforma. Elimínase o parágrafo que fai referencia ao pago das licenzas na conta da RFEVb. Modifícase a referencia a licenza por Autorización no parágrafo 6.
- **Art. 6.5:** Modificado o procedemento para engadir a realización das novas altas pola plataforma.
- **Art. 6.6:** Elimínase a obrigatoriedade de que deportistas de categoría xuvenil teñan participado polo menos no 50% dos encontros co equipo de categoría superior para poder disputar a Fase Final con dito equipo,
- **Art. 6.11:** Modifícase as categorías con deportistas menores de idade e faise obrigatorio para todos os adestradores con independencia da categoría do equipo.
- **Art. 8.2:** Elimínase toda referencia a documentación e remítese ao recollido no Regulamento de Encontros e Competicións.
- **Art. 8.8:** Elimínase a restrición do salto de idade de dúas categorías; elimínase a obrigatoriedade de autorización para o salto de xogadores cadetes e inferiores a xuvenil ou superior.
- **Art. 8.9:** Engadidas as categorías alevín e júnior.
- **Art. 8.10:** Engadido que no caso de que un equipo non sexa dirixido por un maior de idade, este feito debe ser recollido no apartado observacións da acta.
- **Art. 12.9:** Eliminados os prazos para envío das actas e substituído por referencia o recollido no Regulamento de Encontros e Competicións.
- **Art. 17.1:** Aumento de 0.19€ a 0.26€ os gastos de desprazamento dos árbitros.



- **Art. 17.3:** Engadido que a taxa por quilometraxe aplica a todos os árbitros que se desprazan no vehículo. l
- **Art. 17.4:** Modificación das datas de pago dos Custes Arbitrais.
- **Art. 18.1:** Actualización dos prezos das licenzas incorporando o prezo do seguro, e eliminase o custe das autorizacións da RFEVb facendo referencia a normativa da mesma.
- **Art. 19.2:** Modificación das datas de pago dos dereitos de inscrición de equipos, actualización engadindo os dereitos de inscrición para a Copa Alevín e modificación dos dereitos de inscrición na Fase Final Nacional de 1ª División Autonómica Sénior e nos Campeonatos de España.
- **Art. 19.3:** Eliminación do cadro dos prezos das mutualidades individuais.
- **Art. 26.2:** Modificación do texto recollendo explicitamente que o encontro non se disputará no caso de que un equipo non teña asignado o horario e cancha para a celebración dun encontro no prazo legal.
- **Art. 29.10:** Eliminación dun parágrafo duplicado.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2022-2023 para actualizalas á temporada 2023-2024.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- Modificación das Normas Específicas do **Torneo Apertura**.
- Modificación das Normas Específicas da **Copa Federación**.
- Modificación das Normas Específicas das **Primeiras Divisións**, eliminando as segunda e terceira fases, excepto no caso dos catro primeiros clasificados da liga regular.
- Modificación das Normas Específicas das **Segundas Divisións**, eliminando as segunda e terceira fases.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2022-2023 para actualizalas á temporada 2023-2024.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI NEVE

Modificacións propostas:

- **Art. 5:** Actualización dos importes das sancións.
- **Art. 10.1:** Actualización dos importes das sancións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2022-2023 para actualizalas á temporada 2023-2024.

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Prorróganse as normas da temporada 2022-2023, modificando as idades de cada categoría ás que correspondan por cambio de temporada.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Prorróganse as normas da temporada 2022-2023.

REGULAMENTO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- **Art. 41:** Engadida a posibilidade de que as persoas con discapacidade poidan obter licencia naquelas categorías de idade que mellor se adecúen ás súas circunstancias persoais.
- **Art. 51:** Engadida a categoría Júnior coa mesma cantidade de puntos que recolle a RFEVb no seu regulamento (Dereitos de formación de xogadores/as)
- **Art. 64:** Engadida a categoría Júnior nas titulacións de adestradores.
- **Art. 115:** Eliminado o Nivel I e igualando a normativa ao que recolle a RFEVb para a obtención do título de adestrador de vólei praia.

REGULAMENTO DE ENCONTROS E COMPETICIÓN

Modificacións propostas:

- **Art. 1:** Incluír as modalidades oficiais na duración da tempada para evitar confusións, sobre todo no VP.
- **Art. 26.4:** Modificado o procedemento de comunicación de horario e sede para os encontros, substituíndo o envío por correo polo uso da plataforma.
- **Art. 27.2:** Engadida a categoría Júnior equiparando a Xuvenil.

- **Art. 30.2:** Engadida a responsabilidade do Club local a hora de comunicar horarios e campos de xogo.
- **Art. 30.3:** Modificado os prazos de comunicación e publicación na web, adaptando ao funcionamento da plataforma.
- **Art. 31:** Modificadas as referencias ao modelo oficial, engadindo o uso da plataforma (puntos 1 e 2).
- **Art. 31:** Engadido o punto 4, no cal se recolle a obrigatoriedade de ter achegado o xustificante do pago para que a Federación valide calquera cambio de data/hora/sede cando a normativa así o esixa.
- **Art. 32:** Engadida a obrigaón dos árbitros de subir toda a documentación e non solo a das actas a plataforma.
- **Art. 39:** Engadida a altura da rede Júnior.
- **Art. 42.1:** Modificado o tipo de licenzas, eliminando as nacionais de praia, engadindo as categorías máster, júnior e prebenxamín en voleibol, engadindo as categorías máster e Alevín en vólei praia, actualizando as de categoría Territorial e Nacional polo nivel correspondente (árbitros).
- **Art. 42.2:** Modifícase a idade mínima de Auxiliar, delegado ou directivo a 18 anos como na RFEVb.
- **Art. 49:** Eliminado o límite dúas categorías de idade inferiores para participar nun encontro oficial.
- **Art. 50.2.a):** Recóllese que a foto debe ser física, e se achegará xunto coa acta o documento G-9 sendo recollido polo árbitro a inclusión de este documento.
- **Art. 50.2.b):** Recóllese que se achegará xunto coa acta documento G-9 sendo recollido polo árbitro a inclusión de este documento.
- **Art. 56:** Actualizados os contactos da Federación.
- **Art. 57:** Modificado o procedemento de custodia e envío das actas a Federación por parte dos árbitros.

REGULAMENTO DISCIPLINARIO DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- Actualizada toda a referencia a Comisión Técnica de Regras de Xogo e Arbitrade, polo Comité Técnico Galego de Árbitros.
- **Art. 6:** Eliminado o punto 4 ao estar duplicado no Art. 14. En consecuencia, o punto 5 pasa a ser o punto 4.

- **Art. 53:** Igualado o importe a sanción do punto anterior.
- **Art. 61:** Engadida referencia a sancións recollidas no Art. 91 por retirada.
- **Art. 62:** Engadida referencia a sancións recollidas no Art. 91 por retirada.
- **Art. 65:** Elimínase o punto 3, pasando o contido dos apartados c) e d) ao punto 1, eliminando o contido restante ao estar duplicado no propio punto 1.
- **Art. 91:** Eliminada a referencia a equipo retirado ao entrar en conflito co Art. 65.
- Engadido o Procedemento Abreviado, composto de 4 artigos (135º ao 138º). O procedemento será o Capítulo II, polo que se renumeran os capítulos e artigos posteriores. O único contido novo é no artigo 135º, o cal regula dito procedemento (anteriormente era o contido do procedemento ordinario ou único).
- **Art. 136:** Modifícase pasando de ser ó interesado e non unicamente ó club a quen se da trámite de audiencia; modifícase o prazo de 72 horas a 48 para o procedemento abreviado; engadese a posibilidade de engadir ou propor probas de ser o caso no prazo de dous días hábiles.
- **Art. 137:** Modificado o texto de arquivo de actuacións polo prazo de traslado de proposta de resolución do instrutor.
- O Capítulo III (anteriormente o Procedemento Extraordinario) pasa a ser o Procedemento Ordinario.
- **Art. 139:** O artigo cambio contido para definir agora o Procedemento Ordinario.
- **Art. 141:** Modificado o contido, especificando os prazos para o procedemento, así como os contidos das providencias, e os prazos para os notificados poder contestar.
- **Art. 147:** Modificado o contido, para adaptalo e determinar os pasos, prazos, e procedemento da Procedemento Ordinario.

ESTATUTO ORGÁNICO DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- Actualizado o enderezo tras cambio de nome da rúa.
- Engadidas as modalidades de vólei neve, vólei herba, cachibol, e voleibol sentado.
- Corrección do nome do Comité Técnico Galego de Árbitros onde quedaban reminiscencias ao antigo Comisión Técnica das Regras de Xogo e Arbitraje.
- **Art. 30:** Engadido o apartado 2 referido á posibilidade de celebrar reunións da Asemblea Xeral mediante medios telemáticos.
- **Art. 39:** Engadido o apartado 4 referido á posibilidade de celebrar reunións da Comisión Delegada mediante medios telemáticos.

- **Art. 51:** Engadido o apartado 4 referido á posibilidade de celebrar reunións da Xunta Directiva mediante medios telemáticos.
- **Art. 61:** Elimínanse as referencias as titulacións de “Territorial” e actualizar, de forma xenérica, os Niveis I, II e III de voleibol e os niveis I e II de vólei praia.
- **Art. 65:** Modifícase as zonas Norte/Sur polo texto “zonas xeográficas de acordo os criterios que o Comité considere oportunos.”
- **Art. 81:** Engadidas as 3 modalidades oficiais.
- **Art. 93:** Modifícase a situación do delegado, anteriormente no campo de xogo, e agora a instalación da competición.
- **Art. 97:** Elimínase a expresión “ter licenza por varios equipos” polo texto “estar autorizado por varios equipos”.
- **Anexo I:** Corrixida a numeración errónea, que pasaba do Art. 41 ao 43, modificando a numeración dende ese Art. (o 41)
- **Anexo I - Art. 39:** Engádese a sanción económica xa aprobada no Regulamento disciplinario e non actualizado en este Art..
- **Anexo I - Art. 40:** Iguálase a sanción recollida no Regulamento Disciplinario, aprobado mais recentemente (actualización dos importes).
- **Anexo I - Art. 43:** Iguálase a sanción recollida no Regulamento Disciplinario, aprobado mais recentemente (actualización dos importes).
- **Anexo I - Art. 48:** Engadida referencia ao Art. 78 que recolle as sancións para equipo descalificado.
- **Anexo I - Art. 49:** Engadida referencia ao Art. 78 que recolle as sancións para equipo descalificado.
- **Anexo I - Art. 52:** Iguálase o contido do punto 1 co contido mais recente no Regulamento Disciplinario.
- **Anexo I - Art. 59:** Engadida referencia ao Art. 78 que recolle as sancións para equipo descalificado.
- **Anexo I - Art. 64:** Modifícase a referencia a equipo xuvenil polo texto “un equipo de categoría inferior en idade ou división”.
- **Anexo I - Art. 66:** Modifícase a referencia “2º División” por “máxima división autonómica sénior”.
- **Anexo I - Art. 78:** Elimínase a referencia a equipo retirado ao entrar en conflito co Art. 52 do mesmo anexo que xa recolle as sancións por retirada dun equipo.